


Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, unha entoación e un ritmo axeitados.


O CEO DESVELA OS SEUS MISTERIOS

No século II, o xeógrafo e astrónomo **Ptolomeo** publicou un tratado de astronomía moi completo, *Almagest*, no que afirmaba que a Terra era o centro do universo, que se mantiña sempre inmóbil e que o Sol xiraba arredor dela. Era a **teoría xeocéntrica**, adoptada e defendida polos científicos e os teólogos. Así foi ata que algúns astrónomos do século XVI estableceron que as cousas eran radicalmente diferentes e deron unha nova visión da ciencia.



A TERRA MÓVESE

Nicolás Copérnico, un astrónomo polaco, cría que era a Terra a que xiraba arredor do Sol e que este estaba quedo. Daquela, Copérnico defendía unha **teoría heliocéntrica**. Mais o polaco sabía que as súas ideas chocarían coa mentalidade da época e non se atreveu a publicar a obra onde recollía o seu pensamento, *De Revolutionibus Orbium Coelestium*. Foi un discípulo seu, o austríaco Georg Joachim von Lauchen, chamado **Rheticus**, quen fixo publicar o libro a finais de 1543. A obra converteuse axiña nun tratado moi influente.



GALILEO

A comezos do século XVII, o científico italiano Galileo Galilei, coñecido como **Galileo**, estudou o universo cun telescopio fabricado por el mesmo. Os seus estudos levárono a afirmar que o modelo de Ptolomeo non se correspondía coa realidade. Galileo publica as súas ideas na obra *Mensaxeiro das estrelas*, onde demostraba a teoría heliocéntrica de Copérnico.

Pero a Igrexa pensaba que iso era contrario á fe católica e acusou a Galileo de herexía. O sabio tivo que abxurar das súas ideas, pero contan que no momento de facelo dixo, en referencia á Terra, «pero mover, móvese».



Atlas básico de exploracións e descubertas (adaptación)

2 Marca a afirmación que se corresponde co contido do texto.

- | | |
|--|---|
| ☐ Informa sobre os últimos descubrimentos científicos. | ☐ Recolle biografías. |
| ☐ Explica algunhas teorías sobre a estrutura do universo. | ☐ É unha historia inventada. |

3 Copia o nome de cada científico no lugar que corresponda.

Rheticus

Copérnico

Ptolomeo

Galileo

- Afirmou que a Terra estaba inmóbil no universo.
- Dixo no século XVI que a Terra se movía arredor do Sol.
- Fixo publicar a obra de Nicolás Copérnico en 1543.
- Foi acusado pola Igrexa debido ás súas ideas.

▶ _____

▶ _____

▶ _____

▶ _____



4 Deduce a partir do texto e relaciona cada científico co seu lugar de nacemento.

Rheticus

Copérnico

Ptolomeo

Galileo

 Pisa
(Italia)

 Alexandría
(Exipto)

 Toruń
(Polonia)

 Feldkirch
(Austria)

5 Explica, coas túas palabras, en que consisten as dúas teorías de que se fala no texto. Fíxate no significado das seguintes raíces.


helio-: do grego *hēlios*, 'sol'.

xeo-: do grego *gē*, 'terra'.


• Teoría xeocéntrica: _____

• Teoría heliocéntrica: _____

6 Relaciona cada palabra coa súa definición.

astrónomo •

• Libro que desenvolve un tema de estudo de maneira ordenada.

abxurar •

• Persoa que estuda o universo e as estrelas.

teólogo •

• Renunciar a unha idea, unha crenza ou unha opinión.

herexe •

• Persoa especialista na ciencia que trata de Deus.

tratado •

• Persoa que defende ideas contrarias ás da Igrexa católica.